

# TRES CORES: VERMELLO

# 96

[Krzysztof Kieslowski, 1994]

ESTREA EN NUMAX: 23.03.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

## FICHA TÉCNICA

Trois couleurs: Rouge (1994, 99')

**Dirección:** Krzysztof Kieslowski

**Guión:** Krzysztof Piesiewicz, Krzysztof Kieslowski

**Reparto:** Irène Jacob, Jean-Louis Trintignant, Jean Pierre Lorit, Frédérique Feder, Samuel Le Bihan, Marion Stalens, Cécile Tanner, Juliette Binoche, Julie Delpy, Benoît Régent

**Montaxe:** Jacques Witt

**Dirección de arte:** Ivan Niclass

**Vestuario:** Corinne Jorry

**Son:** Jean-Claude Laureux

**Música:** Zbigniew Preisner

**Fotografía:** Piotr Sobocinski

**Produtora:** MK2 Productions, France 3 Cinéma, CED Productions (Francia), CAB Productions (Suíza), Zespol Filmowy (Polonia)

**Distribuidora:** Wanda Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

## FILMOGRAFÍA

*Tres cores: vermello*, 1994

*Tres cores: branco*, 1994

*Tres cores: azul*, 1993

*La doble vida de Verónica*, 1991

*Decálogo (1-10)*, 1990 [TV]

*No amarás*, 1988

*El aficionado (Amator)*, 1979

## PREMIOS

Oscar 1995 (nomeado ao mellor filme, guión e fotografía).

Cannes 1994 (nomeado á Palma de Ouro). César 1994 (gañador á mellor música).

## SINOPSE

Valentina, unha moza estudante que se gaña a vida como modelo, salva a vida dun can atropelado por un coche. A busca do seu dono condúcea a un xuíz xubilado que ten unha estraña obsesión: escoitar as conversas telefónicas dos seus veciños.

«Outra variación hábil e profundamente emocionante do tema habitual de Kieslowski sobre persoas que están interconectadas de maneiras que apenas poden comprender»

Lisa Nelselsson, VARIETY



# TRES CORES: BRANCO

[Krzysztof Kieslowski, 1994]

## A montaxe por Krzysztof Kieslowski

Coido que a montaxe ten dúas funcións. En primeiro lugar é o momento no que o filme toma forma. Todo o que acontece antes é como unha recolección de materiais. En segundo lugar, só durante a edición e non antes, teño unha certa sensación de liberdade. Son consciente de que dependendo da disposición do material gravado poden facer filmes completamente diferentes e realizo varias versións. Na primeira, simplemente xunto todo o material para velo enteiro, do comezo ao final, e logo sincronizo este proceso coa propia rodaxe, montando os domingos ou polas noites, para crear unha certa flexibilidade na rodaxe. Así, se vexo que unha escena non funciona por

mor da fotografía ou os actores teño a oportunidade de gravar de novo. Tento ter a primeira versión o antes posíbel e así detecto cantas parvadas escribín no guión, os elementos innecesarios, os erros dramaturxicos dentro das escenas, etc. Así chego a unha primeira versión de máis de tres horas, que soe ser dúas veces a duración do filme. Elimino os erros e a cousa queda nunha hora e vinte minutos. Esta duración pode ser demasiado curta o que significa que perdín o esencial. Daquela volvo ao orixinal e tento facer unha terceira versión. Esta adoita aproximarse ao que quería facer. A partir de aí poden xogar co material, coa orde das partes, poñer o comezo ao final ou ao contrario, para ver o que funciona mellor.

Fragmentos dunha masterclass para directores mozos. Amsterdam 1994.

Extraído de: [https://www.youtube.com/watch?v=6Gp9z0N\\_hQ0](https://www.youtube.com/watch?v=6Gp9z0N_hQ0)

Tradución: Xan Gómez Viñas

## Tres cores: Vermello

Por Erwan Desbois

A importancia do contacto humano ten un nome: fraternidade. Á vista disto, un non pode evitar pensar en *Vermello* como a culminación da triloxía, do remate que Kieslowski buscaba desde o comezo. Aínda que xa estaba presente por momentos nos dous primeiros filmes, a noción de fraternidade trátase aquí cun estilo desprovisto de calquera ornamentación (sen o esteticismo de *Azul* ou o humor de *Branco*), o que demostra a súa importancia para o cineasta. Temos por vez primeira na triloxía dous personaxes principais: Valentina, moza plena de vida e xenerosidade, e un xuíz de instrución retirado, misántropo e misterioso (do que non sabemos o seu nome), que pasa os días a espiar as conversas telefónicas dos seus veciños. E o seu encontro, aínda que incongruente, non ten nada de excepcional.

O azar vai facer encontrarse aos dous personaxes que, coma calquera persoa, agochan as súas feridas íntimas tras os excesos dos seus comportamentos exterior. *Vermello* atopa a forza na súa gran simplicidade, Valentine e o xuíz

son dúas persoas normais interpretadas como tales por Irène Jacob e Jean-Louis Trintignant. A historia artículase arredor de tres longas escenas de discusión entre os dous personaxes, que van pouco a pouco aprendendo a coñecer e apreciar a vitalidade dunha e a gratificante experiencia do outro respectivamente. Kieslowski consegue conxugar a súa posta en escena cunha certa fluidez de ton; no canto de subliñar os signos que enlazan a existencia dos personaxes, a cámara séguelos con grandes travellings de grúa que conectan o apartamento de Valentine cos seus encontros, a xeito de metáfora dos seus camiños paralelos que rematan por se encontrar. Porque todos todos nós estamos, dalgún xeito, influenciados pola xente que nos rodea, condicionados por relacións que nos realizan e fan as nosas vidas máis soportábeis, a pesar dos golpes do destino. O que fai que este filme, e a triloxía no seu conxunto, acade relevancia é a súa ollada inesgotabelmente optimista e humanista. O talento do cineasta polaco reside en saber transmitirlo con sensibilidade e sinxeleza.

Extraído de: <http://www.ecranlarge.com/films/840865-trois-couleurs-bleu-blanc-rouge/critiques>

Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA NOSA LIBRARÍA

*Lacrimae Rerum*. Slavoj Žižek

Orfeu Negro, 2013

*La doble vida de Krzysztof Kieslowski*.

Joanna Bardzinska. Nosferatu, 2015

Michel Pastoreau. Paidós, 2010

*The Cinema of Krzysztof Kieslowski:*

*Variations on Destiny and Chance.*

Marek Haltof. Wallflowers Press, 2004

*Le hasard et autres textes*. Krzysztof

Kieslowski / Maria & Marta Kieslowska.

Actes Sud, 2001

*La doble vida de Verónica*. Avalon [DVD]

*No matarás*. Cameo [DVD]

*Kieslowski. El decálogo*.

RMN-Grand Palais [DVD]

*Krzysztof Kieslowski's The Decalogue*.

Facets [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)